# Actividades propostas

**Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciondemujeres.org**

## xaneiro PIONEIRAS

### De 0 a 3 anos
**Proxecto: O cine**

Engalanamos sombreiros e complementos de época:
- Vestímonos coa roupa de época e os complementos que adornamos.
- Gravamos unha toma.
- Proxectamos o que temos gravado.

### De 3 a 6 anos
**Proxecto: Pioneiras no cine**

Obxectivo: dar a coñecer as pioneiras do cine e as súas producións .

Durante o mes de xaneiro traballaremos as pioneiras do cine, distribuiremos dúas cada semana.

Visualizaremos unha película da época *O Gato Montés* de **Rosario Pi** https://www.youtube.com/watch?v=1VVeAAIWDjs.

### De 6 a 9 anos
**Proxecto: O Cine**

Obxectivo: Coñecer a historia do cine.

Visualizar a historia de **Alice Guy Blaché**.
https://www.youtube.com/watch?v=0KizlUbi3TE

Comentamos a película:
- Quen é a protagonista?
- Cantas películas realizou?
- En que ano filma a súa primeira curtametraxe?
- Que é o que máis che sorprendeu da historia de Alice Guy?
- Que diferenza ves coas películas actuais?

### De 9 a 12 anos
Mesmas actividades da etapa 6 a 9 anos.

### De 12 a 15 anos
**A primeira película de ficción da historia do cine**

Obxectivo: dar a coñecer o primeiro filme de ficción da historia do cine e comparalo coas outras dúas películas primeiras.

Materiais:

a) *A fada das coles* de **Alice Guy**:
https://www.youtube.com/watch?v=c_xvf-ZEH7I

b) *Saída dos obreiros da fábrica Lumière dos Irmáns Lumière* **Hermanos Lumière**.
https://historia.nationalgeographic.com.es/a/primera-pelicula-historia_14051

c) O primeiro filme da historia:
https://okdiario.com/curiosidades/fue-primera-pelicula-historia-1835056

Metodoloxía:

**Alice Guy** filmou a primeira película que se denomina 'de ficción', un ano despois de que os irmáns Lumière deran a coñecer ao público a súa. Compara *A fada das coles* de Alice Guy, coa *A saída dos obreiros da fábrica Lumière dos irmáns Lumière*. Traballo individual e en pequenos grupos (4 persoas máximo)

1. Previsionamento: Antes de ver os filmes reflexiona sobre o seguinte.
Cal pode ser a diferenza entre unha película documental e unha de ficción? Pensa nos diferentes aspectos e outros que creas oportunos:
   - a temática - o argumento ou guión - os personaxes - o decorado
2. Durante o visionamento das 2 películas observa os aspectos devanditos.
3. Ao finalizar reúnete co grupo para acordar as respostas no punto 1.
4. Por último le os comentarios da xente que hai na mesma páxina, coméntaos no teu grupo para despois comentalos co resto de compañeiros e compañeiras de aula.



Alice Guy

### De 15 a 18 anos
Obxectivo: coñecer a historia cinematográfica da primeira muller na historia do cinema. Recoñecer os seus méritos e a importancia do seu legado.

Materiais: para resolver as preguntas sobre a vida e cinematografía de **Alice Guy** propóñense dous documentais e un artigo para a primeira parte da actividade e varias películas. A escolla dun material ou doutro dependerá do que se decida en clase por parte do alumnado e tamén en función do tempo dispoñible. No caso de que non atopen a información no artigo ou película elixidos, pediríase ao alumnado que buscara dita información en bibliografía ou en internet dando a referencia destas. Farase unha posta en común de toda a información atopada.

### Persoas adultas
**Fagamos un filme!**

Obxectivo:
- Coñecer o proceso de realización dunha película.
- Coñecer películas pioneiras feitas por mulleres.

Materiais:

Vídeo *Os 5 pasos para facer unha película* (12'42):
https://www.youtube.com/watch?v=ykonZbUoz8E

Metodoloxía:

Posíbel traballo como proxecto de curso en coordinación con profesorado doutras materias como diferentes linguas (castelán, inglés, francés, portugués, ...), plástica, tecnoloxía ...

Para adaptarse mellor á temática pódense ofrecer as seguintes posibilidades.
- Facer un filme sobre as mulleres pioneiras do cinema.
- Facer unha nova versión dunha das películas pioneiras de mulleres
- Facer unha nova, feminista, ao estilo das películas pioneiras.

**Traballo en grupo.**

Aprender as fases de elaboración dunha película. Visionamento do vídeo explicativo. *Os 5 pasos para facer unha película* (12'42):
https://www.youtube.com/watch?v=ykonZbUoz8E

## febreiro DIRECTORAS DE FICCIÓN NO ESTADO ESPAÑOL

### De 0 a 3 anos
Visionamento de filmes e curtas de cine, baseándonos en personaxes femininos valentes como: Vaiana, Judy Hopps (Zootropolis), Elsa, Mérida, Tiana, Mulan, Bella, Jasmín, Pocahontas, La señora Banks (Mary Poppins).
https://www.fotogramas.es/noticias-cine/g17239583/los-10-personajes-femeninos-mas-empoderados-del-universo-disney/?slide=1




### De 3 a 6 anos
**O muro dos flocos de millo**

Nesta etapa o alumnado estase iniciando na lectoescritura, por iso, a actividade proposta vai encamiñada á iniciación e formación de palabras próximas e motivadoras.

Primeiro ensinaremos ao alumnado na nosa PDI o vocabulario a traballar, que reforzaremos coas tarxetas ou flashcards. Terán que relacionar imaxe con palabras e, por último, teranas que escribir.

Traballarán por equipos as palabras relacionadas coas mulleres no cine e os seus protagonistas: directora de documental, directora de ficción, guionista, produtora e actriz. **Teresa Bellón** (guionista), **Tina Olivares** (produtora), **Mabel Lozano** (directora de documental) ou **Sara Montiel** (actriz). Repartiranse fotocopias coas imaxes das mulleres do calendario e eles e elas pintaranas. Establecendo un diálogo no que coñecerán distintas profesións (actriz de dobraxe, especialista, guionista, etc.) e realizaranse obradoiros. A idea é realizar o muro dos flocos de millo, con papel continuo, sobre as mulleres e o cine. Para iso, usaranse pinturas de dedos ou gomets para decoralo e pódese ampliar a actividade con obradoiros relacionados co mundo do cinema: cartaz de películas, facer entradas, fábrica de moedas (para a venta de entradas), números para as butacas e as cadeiras.

Por último, exporán os seus traballos no muro dos flocos de millo: *Mulleres cineastas.*

### De 6 a 9 anos
**Xogamos a Quen é quen?**

Trátase dunha actividade para traballar de forma oral e a través do xogo, as descricións e as adiviñas. En primeiro lugar, traballaremos ás protagonistas do calendario e a continuación estruturas de descrición tanto de xeito oral como de xeito escrito (exemplo de ficha). Para rematar, xogar a adiviñar o personaxe a través da súa descrición ou de datos interesantes.

O obxectivo é adiviñar o personaxe facendo preguntas ás demais compañeiras e compañeiros. Por exemplo: son unha muller cineasta? teño o cabelo de cor negro? son guionista e produtora?



### De 9 a 12 anos
**Falemos de mulleres cineastas: Acción!**

O alumnado por parellas ou en grupos, realizará unha claqueta dedicada a unha muller cineasta.

Cadaquén deberá buscar en Internet información sobre cada unha delas. Con todo ese material irase compoñendo a claqueta da protagonista.

Na claqueta, poderán incluír información coa súa vida, outra coa súa obra... Utilizarán cartolina negra de tamaño DIN A3 que poderán decorar da forma que queiran.

Ao final da actividade organízase e planifícase un horario de visitas, a nivel de centro, para que todo o alumnado poida ver os traballos e coñecer máis ás nosas protagonistas. A idea é que compartan e aprendan dos traballos elaborados en todos os cursos.



### De 12 a 15 anos
**A miña vida soñada e, ...truncada?**

Actividade baseada na película *Da túa xanela á miña* da directora **Paula Ortiz Álvarez.**

De xeito individual pídese ao alumnado que escriban nun folio como lles gustaría que fose a súa vida nun futuro. Tralo visionamento da película, pídeselles que engadan a esa reflexión todas as emocións que lles suscitaría se lles ocorrese como ás protagonistas da película. Trala reflexión individual, forman grupos de 4-6 persoas e valoran cales son as emocións máis repetidas. Finalmente, faise unha posta en común con toda a clase e apúntanse no encerado as tres emocións máis nomeadas para poder analizalas algo máis fondamente e valorar se estas se relacionan máis socialmente coa muller en ámbitos como o cinema.

### De 15 a 18 anos
**Paula Ortiz «A noiva»**

Actividades previas: visualización da película *A noiva* (https://www.rtve.es/alacarta/videos/somos-cine/novia/4290658/) e lectura na clase da obra *Bodas de Sangre* (obrigatoria para a ABAU). Tamén pódese ver representada.

Actividades posteriores: unha vez realizadas as actividades previas, o alumnado contestará ás seguintes preguntas:
- Cal cres que foi a postura de Federico García Lorca coa obra respecto da figura da muller? (Fíxate nos personaxes da noiva, da nai do noivo e da muller de Leonardo)
- É fiel á obra? Hai un cambio nos personaxes? Os cambios que hai entre a obra e a película: historia, tratamento dos personaxes, o ton, ...
- Cambios no ton xeral da obra, no final, no contexto
- Estes cambios, onde están, onde se ven, que aportan.

Unha vez contestadas, poranse en común para o posterior debate.

### Persoas adultas
Investiga un pouco sobre a obra da directora **Mabel Lozano**. Que temas está querendo tratar nas súas obras?
- Visionamento da curtametraxe *Biografía del cadáver de una mujer* (na actualidade pódese ver en Filmin).
- Debate: Por que cres que realizou esta curta a directora **Mabel Lozano**? Consigue poñer de relevo o problema da trata de brancas e as consecuencias da prostitución e a explotación de mulleres?



## mareo DIRECTORAS DE FICCIÓN DO MUNDO



Deepa Mehta

### De 0 a 3 anos
Realizamos unha **Caixa de experiencias** sobre a India.

Nesta caixa introducimos teas de cores de diferentes texturas que tocaremos, usaremos para recoñecer as cores e coas que nos fabricaremos uns saris. Tamén haberá na caixa distintas especias, que uliremos e relacionaremos con comidas, e por último fichas de animais que viven na India.

### De 3 a 6 anos
Na asemblea presentamos a **Deepha Mehta** e comentamos o seu traballo. O mestre ou mestra ponse unha máscara coa súa imaxe, e todas e todos convertémonos en xornalistas e realizámoslle unha entrevista sobre a súa vida e o seu traballo.

Que lle preguntamos a esta directora de cine?




### De 6 a 9 anos
**As mulleres na India**

**Deepa Metha** é unha directora de cine india. Nos seus filmes cóntanos como é a vida das mulleres neste país. Como pensas que visten as mulleres indias? Debuxa unha muller india e outra galega. Compara as súas imaxes. Cres que a súa forma de vida é semellante? Por que?



### De 9 a 12 anos
As **irmás Makhmalbaf** dedícanse ao cine e no seu país de orixe, Irán, tiveron moitas dificultades para exercer a súa profesión. Comenta estas frases:

**Hanna**: *O meu xeito de gritar é "coller a cámara e gravar".*

**Samira**: *A censura sentencia a morte ao cine iraniano.*

Sabedes onde está Irán? Localizádeo nun mapamundi e, en grupos, buscade información sobre a vida das mulleres en Irán: Cres que teñen os mesmos dereitos que as mulleres europeas? Que é o réxime Ayatolá? De que forma inflúe na situación que viven as mulleres iranianas?

Repasando a historia de España: Cres que é posible atopar similitudes coa situación da muller na sociedade iraniana nalgún momento da nosa historia recente? Compara a discriminación legal da muller fronte ao home no Irán actual e durante a España franquista.

### De 12 a 15 anos
**Wadjda. A bicicleta verde**




Ver esta película.

A historia sucede, na actualidade, en Arabia Saudí:
- Localiza o país nun mapamundi e investiga sobre a súa política, economía e sociedade.
- Cal é o papel das nenas e as mulleres no mundo musulmán?

No eido familiar queda claro que as mulleres son menos importantes que os homes ao non aparecer ningún nome feminino na árbore xenealóxica.
- Como remedia Wadjda esa inxustiza?
- Que fai o seu pai despois?

Describe a túa impresión persoal sobre esta película, facendo referencia ao que aprendiches dunha sociedade tan distinta á túa; as escenas ou diálogos que máis che gustaron, enfadaron ou sorprenderon; e se cres que o cine pode chegar a influír no cambio de mentalidade de quen o ve.

### De 15 a 18 anos
**Ver la película *Buda explotó por vergüenza***

Infórmate sobre:

a. Que é un talibán?

b. Guerra de Afganistán

c. Destrución dos Budas do val de Bāmiyān

d. Que é a lapidación?

e. Que é o test de Bechdel.

Poranse en común as diferentes informacións.

### Persoas adultas
**Visionar a película *Buda explotó por vergüenza***

A muller ao mando desta película, a directora **Hana Makhmalbaf**, nada no seo dunha familia na que todas se dedican ao cine, dirixiu esta película aos 18 anos. Breve debate sobre o tema "*cinema e teitos de crista cristal*".

## abril DIRECTORAS DE ANIMACIÓN

### De 0 a 3 anos
**Visionamento da curtametraxe *Purl*** https://youtu.be/B6uuIHpFkuo da directora **Kristen Lester,** que vai máis alá do feminismo en si e fala da inclusión social en xeral.

### De 3 a 6 anos
**Construímos un proxector de cinema**



Materiais necesarios: unha caixa de cartón e dúas lupas.

Realización da actividade: coa axuda dun adulto recortamos o mango dunha lupa e facemos o burato na caixa, onde colocaremos esa lupa. Na parte superior da caixa facemos unha rañura a modo de peto onde colocaremos a outra lupa. Gravamos co móbil un vídeo e colocando o móbil no interior da lupa, poderemos proxectar o vídeo sobre a superficie desexada.

### De 6 a 9 anos
- Redactar un guión curto que poida encaixar nas secuencias anteriores elixindo dous ou tres protagonistas.
- No caso de ser vos os actores e actrices; a quen vos gustaría elixir? por que?
- Debuxar dúas secuencias que poidan describir o argumento principal da película
- Por último, subir as actividades realizadas ao blog de aula e ao voso portfolio.

### De 9 a 12 anos
Elixirán unha das mulleres do calendario e elaborarán unha biografía sobre ela. Posteriormente exporana, a través dun power point, ante a clase e indicarán por que a elixiron, que lles chamou a atención desa muller.

Por último, exporemos os traballos pola clase.




### De 12 a 15 anos
**Visionade a película Mary Shelley con atención e conciencia.**

Organizade en clase un cine-fórum no que faledes sobre os temas que vaian xurdindo, por exemplo:
- Problema da autoría nas obras das mulleres: por que as mulleres tiñan que asinar as obras co nome do seu marido, ou pai, ou cun pseudónimo?.
- Problema coa vestimenta propia das mulleres e o cabelo longo: as mulleres precisan expresar a súa comodidade e afastarse dos clixés que lles foron impostos.
- Problema cun posto fóra do ámbito doméstico: necesidade dun espazo propio para a súa creación e expresión vital.




### De 15 a 18 anos
**Elaboración de diferentes curtametraxes**, dirixidas por alumnado coa colaboración, se o requiren, de profesorado. Poñer a súa música, as mensaxes que traten os temas de igualdade, estereotipos, etc. A mensaxe central podería ser: *o que quero para min e para ti.*

Unha vez finalizadas, visionalas e facer concurso/votación das mesmas atendendo aos criterios que se establecerán previamente.

### Persoas adultas
**Visualización da curtametraxe *Tarantella***, ddirixida en 1940 por **Mary Ellen Bute**; pioneira en EEUU en investigar as posibilidades expresivas da animación abstracta. A través de cores brancas, azuis e vermellas e poñendo o foco na música, a animación toma forma e protagonismo.

A actividade consistiría en buscar información desta artista e situala no contexto da época. Debater sobre a dificultade do seu traballo, repercusión, etc.



Lotte Reiniger

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres · CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres · STEG · Asemblea de Mulleres

# Actividades propostas

**Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciondemujeres.org**

## maio DIRECTORAS DE DOCUMENTAIS

### De 0 a 3 anos

**As actividades de 0 a 1 ano** estarán relacionadas co descubrimento de películas infantís adaptadas á súa idade para desenvolver os sentidos da vista e do oído

O bebé interactúa dende a visión e audición das películas que lle poñen descubrindo cores e novos sons.

**As actividades de 1 a 2 anos** xa son máis interactivas e serán provocadoras da linguaxe e as imaxes que ve . Así mesmo recibirá as mensaxes que a película emite.

É importante que o adulto seleccione as películas adecuadas.

**Actividades a partir dos 2 anos**. Continúase coas actividades de 0-2, pero complicándoas. Créase a posibilidade de que o adulto intercambie opinións sobre o que ve e escoita.

Unha vez vista a película, debuxar o que viu. Previamente coméntanse co alumnado cuestións como: que che gustou máis, quen é o personaxe principal, cal che gustou máis...

### De 3 a 6 anos

Como premisa <u>ver documentais e películas en familia e na escola</u> .

É importante que transmitan valores relacionados co que viron e oíron.

Ter na aula e na casa un recuncho con imaxes de personaxes relacionados co cinema.

Reunido o alumnado en asemblea, coméntaselles a importancia que tiveron as mulleres no cine ao longo da historia. Fálaselles da cineasta canaria **Sara Ahinoa Concepción Sálamo** como muller canaria, escritora, e comentámoslles que imos traballar sobre a súa biografía. Prgúntaselles se coñecen a algunha muller que se dedique ao cine dentro e fóra da súa familia. Imos anotando nun mural o seu nome e se é posíbel de onde é e que tipo de debuxos fai, co fin de invitala a clase para que nos explique cousas sobre esta arte.


Pratibha Parmar

### De 6 a 9 anos

Reunido o alumnado en asemblea preséntase a **Leticia Dolera,** a **Katherin Hepburn,** a **Enma Charlotte Duarre Watson** e **Sara Ahinoa Concepción Sálamo** facendo uns curtos perfís delas.

Previa distribución do alumnado en 4 grupos proponse un traballo de investigación a partir das seguintes preguntas. Cada grupo desenvolverá as preguntas ao redor dunha das cineastas nomeadas

Onde naceu e viviu a cineasta nomeada?
A que idade comezou no cine?
Foille doado facerse un oco como cineasta?
Por que era famosa, por escribir, dirixir, actuar? A que máis se dedicaba?
En que xénero destacou?
Por que aspecto do feminismo loitou ou reivindicou para producir un cambio?
En que películas, documentais ou series participou? Gañou algún premio?

### De 9 a 12 anos

Realízase unha proxección sobre un documental ou película elixida polo profesorado adecuada á idade onde haxa constancia dunha reivindicación feminista dalgunha das cineastas nomeadas.

A partir de aquí, o alumnado realiza un traballo complementario partindo das seguintes preguntas:

- Cal é o xénero no que destaca no cine cada unha das cineastas?
- A que cres que se refiren cando din que ás mulleres lles custa máis chegar a ser famosas no cine?
- A que xeración pertencía e que relación tivo coa mesma?
- Que reivindicaban dende o punto de vista dos dereitos da muller e o feminismo cada unha delas co seu traballo?

Como actividade final fórmanse 4 grupos co nome de cada unha das cineastas nomeadas e propónselles a confección dun mural onde se recollan os datos máis representativos de cada unha. Será decorado con fotos da autora e frases representativas de dito personaxe.

### De 12 a 15 anos

**<u>Obxectivo</u>**: comprobar a dificultade das mulleres no cinema.

Buscar información sobre 25 filmes feitos por mulleres, ben sexa dirección, realización, documentalistas, vestiario, etc.

1. Expoñemos o traballo na aula comentando as dificultades atopadas.
2. Pescudamos sobre Nadia El Fani e Pratibha Pamar, as mulleres que aparecen no mes de xuño. Con que dificultades se atoparon? Que farían por mellorar a situación das mulleres no cine? Teñen as mesmas dificultades as mulleres norteafricanas que as europeas? A que é debido?

Este traballo farase en pequenos grupos.


Mabel Lozano




### De 15 a 18 anos

**<u>Obxectivo</u>**: valorizar o traballo das mulleres cineastas e o seu compromiso social.

- Faremos busca de información sobre **Mabel Lozano**.
- Traballo individual de comentario dos seguintes artigos:

*Mabel Lozano, nominada aos Goya pola súa infatigable loita contra a trata de mulleres.* Diario 16 (18/11/2021) https://www.europapress.es/epsocial/igualdad/noticia-mabel-lozano-publica-proxeneta-historia-real-primera-persona-esclavista-mujeres-espana-20171112120030.html

*Mabel Lozano publica 'O Proxeneta', historia real e en primeira persoa dun escravista.* Europa Press (12/11/2017) https://diario16.com/mabel-lozano-nominada-a-los-goya-por-su-infatigable-lucha-contra-la-trata-de-mujeres/

Visionar *Biografía del cadáver de una mujer.*

Para finalizar debatemos en clase sobre a trata de mulleres.

### Persoas adultas

**Festival de cine realizado por alumnado Cinedfest**

Ver no enlace: https://cinedfest.com/index.php/inscripcion-cortometrajes

Visionamento de dúas curtametraxes:

1) Curta realizada por un grupo de alumnado de Formación Profesional do Formación Profesional del IES Los Realejos, Tenerife. Título: *La caja*

https://cinedfest.com/index.php/ver-cortos/cortos-2021/item/la-caja-5

Describe en 3 liñas como máximo as sensacións que che produce a curta e a mensaxe que quere transmitir.

2) • Curta realizada por un grupo de alumnado de Bacharelato do IES Gabriel Alonso de Herrera de Talavera de la Reina, Toledo. Título: *El misterio de Orcasitas*

https://www.youtube.com/watch?v=S_5QbYPA0No&list=RDCMUClabDwckfsxw1u_fNCE9GZg

Cres que as rapazas están máis expostas á violencia machista nas festas e na rúa? Por que?

## xuño ACTRICES

### De 0 a 3 anos

https://www.youtube.com/watch?v=Ru1fChEe_ZE

Traballar cos nenos e as nenas a canción para que xoguen, bailen, canten... trátase de que gocen co vídeo e que pouco a pouco vaian interiorizando a mensaxe.

### De 3 a 6 anos

Dramatizamos co alumnado un conto clásico: *Cincenta, Rapunzel, A Bela e a Besta...*, pero intercambiamos os papeis: os femininos pódenos facer os nenos e os masculinos as nenas. Despois da representación temos que dialogar co alumnado:

- Como se sentiron?
- Gustoulles este cambio?
- Que facía cada un dos personaxes?
- Que lles parece que é mellor, ser un personaxe de rapaz ou de rapaza?

### De 6 a 9 anos

Poñemos la película *Brancaneves e os sete ananiños* de Disney.

Analizamos a película co alumnado:

1. Personaxes que aparecen.
2. Que papel realiza cada un deles?
3. Que é o que máis lle obsesiona á madrastra de Brancaneves?
4. Por que é máxico o espello da madrastra? Para que o usa?
5. Como é a madrasta?
6. Ler este fragmento da película:

*Cando chegou a noite, os donos da casiña regresaron.*

*Eran sete ananos, que tódolos días saían para traballar nas minas de ouro, moi lonxe, no corazón das montañas.*

*- Caramba, que bela rapaza! - exclamaron perplexos.*

*- E como chegou ata aquí?*

*Achegáronse para admirala con coidado de non espertala.*

*Pola mañá, Brancaneves sentiu medo ao espertar e ver aos sete ananos que a rodeaban.*

*Eles interrogárona tan suavemente que ela tranquilizouse e contoulles a súa triste historia.*

*- Se queres cociñar, coser e lavar para nós -dixeron os ananiños- podes ficar aquí e coidarémoste sempre.*

*Brancaneves aceptou leda.*

*Vivía moi alegre cos ananos, preparándolles a comida e coidando da casiña. Todas as mañás parábase na porta e despedíaos coa man cando os ananos saían para o seu traballo.*

Hai que analizar co alumnado este anaco e facerlles ver todos os comentarios machistas e discriminatorios que hai nel. Despois podemos reescribir este fragmento de xeito que desaparezan todos os elementos machistas que atopamos.

### De 9 a 12 anos

**A miña actriz favorita é...**

Pedimos ao alumnado que elixa unha actriz que lles guste e que investiguen sobre a súa vida, o que fixo, películas nas que ten participado, que papeis ten interpretado?, como son os papeis que interpretan as mulleres no cinema? e os homes? cobran o mesmo os homes que as mulleres por facer unha película?

### De 12 a 15 anos

Podemos ver algún destes filmes: *O diaño viste de Prada (The Devil Wears Prada)* ou *Amor cego (Shallow Hal.*

Analizamos o papel que as mulleres teñen nestas películas e no cine :

- Teñen un papel máis activo ou máis pasivo que os homes?
- Esíxeselles que sexan fermosas e atractivas?
- Son intelixentes, resolutivas...? Ou pola contra teñen un papel de muller pasiva, sen ideas, dependente dos homes?

Analiza todas as escenas nas que aparecen comentarios, imaxes machistas....

Investiga se cobran o mesmo as actrices que os actores.

### De 15 a 18 anos e persoas adultas

Podemos ver a película *Sufraxistas* de **Sarah Gavron**.

Despois de vela, procedemos a analizala co alumnado.

- Que lles gustou? Que non lles gustou?
- Que sentimentos lles provoca?
- Analizar o papel que mulleres e homes realizan na obra.
- Que situacións de inxustiza aparecen na película?
- Tras o debate podémoslles pedir que pescuden sobre o movemento sufraxista.


Katharine Hepburn

## xullo GUIONISTAS

### De 0 a 3 anos

**Somos artistas**

Realizamos un photocall cinematográfico cun marco de cartolina e retratámolas coma se fosen os personaxes protagonistas das películas ou series de televisión que escribiron as nosas guionistas (*As rapazas do cable, Timbuktu, Deus é muller e chámase Petrunya...*, coa axuda de panos, sombreiros, bolsos, gravatas...)

|  |  |  |
|---|---|---|
| *As rapazas do cable* | *Timbuktu* | *Deus é muller e chámase Pretunya* |

### De 3 a 6 anos

**Que é unha guionista?**

Unha guionista é unha persoa encargada de escribir o guión dunha produción cinematográfica, televisiva, historietística ou radiofónica, é dicir a historia que alí se conta. As guionistas protagonistas deste mes son:

|  |  |  |
|---|---|---|
| *Gemma R Neira* | *Kessen Tall* | *Teona Strugar Miteska* |

### De 6 a 9 anos

**Montamos un festival de cinema**

**Teona Strugar Miteska** é de Skopje, República de Macedonia, e alí cada ano festéxase *KineNova Skopje Film Festival*, un festival internacional de cinema.

Imos celebrar un festival de cine, para o cal dividirase a clase en pequenos grupos (4 ou 5 alumnos e alumnas) e cada un deles ten que escoller unha película, de animación ou non, que entre as súas filas conte maioritariamente con mulleres (protagonistas, directoras, guionistas...) Por exemplo: *Maléfica, Matilda, Alicia no país das marabillas, Frozen, Frozen 2, Brave, A princesa Mononoke, A viaxe de Chihiro, Vaiana, Zapatos Vermellos e os sete trolls...*

Unha vez escollida a película cada grupo ten que buscar información, coa axuda do titor ou da titora, e as familias, de cada película: protagonistas, argumento, mulleres que participaron na súa xénese e realización, ...

Cada grupo, pegará a información nunha cartolina que se exhibirá na parede da clase. Durante a semana que dure o Festival programarase o visionamento dos filmes.

Para rematar, decidirase entre toda a clase: o premio á mellor película, á mellor dirección, á mellor protagonista, ao mellor guión, á mellor actriz secundaria, etc.

### De 9 a 12 anos

**Somos guionistas**

As nosas protagonistas do mes son guionistas de cine ou de series de televisión. Imos poñernos no seu lugar:

1) En pequenos grupos, escollemos unha historia (dun conto, dun libro...) ou creamos unha nova. Un dos personaxes principais debe ser feminino e todos eles actuar en igualdade de condicións.
2) Realizamos un *storyboard* para poñer en imaxes a historia elixida. Nesta páxina atoparedes un pequeno vídeo explicativo: https://jsanchezcarrero.blogspot.com/2012/04/como-se-hace-un-story-board.html
3) Presentamos a nosa *storyboard* ao resto da clase, en formato vídeo, presentación, cartolina... e relatamos a historia e os diálogos, á vez que explicamos as imaxes.

### De 12 a 15 anos

**Montamos un festival de cinema**

**Teona Strugar Miteska** é de Skopje, República de Macedonia, e alí cada ano festéxase *KineNova Skopje Film Festival*, un festival internacional de cinema.

Imos celebrar un festival de cine, para o cal dividirase a clase en pequenos grupos (4 ou 5 alumnos e alumnas) e cada un deles ten que escoller unha película, de animación ou non, que entre as súas filas conte maioritariamente con mulleres (protagonistas, directoras, guionistas...) Por exemplo: *Timbuktu, Deus é muller e chámase Petrunya, The Breadwinner (O pan da guerra), Wonderwoman, Capitana Marvel, Quiero ser como Beckham, Figuras ocultas...*

Unha vez escollida a película cada grupo ten que buscar información de cada película: protagonistas, argumento, mulleres que participaron na súa xénese e realización, ... e deberán expoñela nunha presentación ou lapbook.

Durante a semana que dure o Festival programarase o visionamento dos filmes, e para rematar, decidirase entre toda a clase: o premio á mellor película, á mellor dirección, á mellor protagonista, ao mellor guión, á mellor actriz secundaria, etc.

### De 15 a 18 anos

**As rapazas do cable**

a) Ver os dous primeiros capítulos de *As rapazas do cable*, con guión realizado por **Gema R. Neira**, unha das nosas guionistas protagonistas do mes de xullo.

b) A continuación completa a seguinte ficha:

| **Argumento** |
|---|
| |
| **Opinión persoal** |
| |
| **Actividades complementarias** |
| 1. Busca en internet información sobre: Gema R. Neira e demais guionistas do mes de xullo. Fai unha pequena reseña filmográfica<br>2. Fai balance de cantos guionistas e cantas guionistas españois hai actualmente.<br>3. Que exemplos de violencia de xénero aparecen nestes capítulos? Arguméntaos. |

### Persoas adultas

Lede o seguinte artigo:

https://vertele.eldiario.es/noticias/8m-series-generacion-me-too-roto-silencio-violencia-sexual_1_7400376.html

Nel falan da serie, *Nevenka*, escrita por **Marisa Lafuente Esteso**, candidata ao Goya coa curtametraxe documental "O tesouro" (dirección e guión).

Comentade no grupo clase o caso Nevenka. Recoméndase ver a serie previamente, se se ten oportunidade. Facer referencia ao acoso sexual, ás consecuencias, á sociedade patriarcal, ao feito de que esta serie fora dirixida e guionizada por mulleres... Cambia a temática das películas, series, documentais, etc, segundo sexan realizados por homes ou mulleres?

## agosto PRODUTORAS

### De 0 a 3 anos

**Teatro de sombras**

Precisamos unha saba branca e un foco ou unha lámpada. Preparamos un escenario coa saba e o foco. Apagamos as luces da aula e deixámola ás escuras na medida do posíbel. Podemos poñer música de fondo. Primeiro, a profesora ou o profesor, fará movementos no escenario e as nenas e nenos deberán imitala. Despois, cederá o seu posto ás nenas e nenos que desexen ser protagonistas no escenario, e o resto imitará os seus movementos. Así coñecerán as múltiples posibilidades de expresión dos seus corpos e traballarán a empatía.

### De 3 a 6 anos

**Adiviña o filme**

Cada neno ou nena fai unha descrición da película de debuxos que máis lle gustou e o resto teñen que tentar adiviñar de cal se trata. A descrición pode ser oral (sen dar o título), con xestos ou con debuxos no encerado.

### De 6 a 9 anos

**Xogando coa música**

Escollemos algunha canción que apareza nunha película infantil e que transmita valores relacionados co machismo. Como recomendación propoñémosvos *A Sereíña* de Disney: https://www.youtube.com/watch?v=au5m8Wrt04g&t=106s

As nenas e os nenos escribirán a letra da canción orixinal. En grupo grande dialogaremos sobre cal queremos que sexa a mensaxe da nosa canción. Iremos anotando nos taboleiros as ideas e chegaremos a un acordo. Organizaranse grupos na clase entre os que se repartirán as estrofas para que sexan modificadas seguindo a mensaxe acordada. Faremos unha posta en común modificando aquilo que, ao reunir todas as estrofas, non siga a estrutura da canción. Finalmente gravaremos o audio coa nova letra e unirémolo á escena elixida. Colgaremos o produto final na web do colexio para darlle difusión.

### De 9 a 12 anos

**Espertando a capacidade crítica**

Analizamos que tipo de modelos masculinos e femininos transmiten os programas infantís. Pedimos ás nenas e nenos que elixan unha das súas series favoritas e que a vexan en casa fixándose nos seguintes aspectos:

- Cantos personaxes masculinos e femininos hai? Que ocupacións teñen os personaxes femininos? E os masculinos?
- Que tipo de cores nos xoguetes usan os nenos e as nenas? Que actividades lles gustan aos rapaces na serie? Que actividades lles gustan ás rapazas?

En clase faremos unha posta en común do que observaran nas súas series favoritas, e faremos unha lista das series que rompen cos estereotipos e transmiten valores positivos.


Ateyyat El Abnoudy

### De 12 a 15 anos

**Produtoras**

Para comezar a actividade o alumnado verá o seguinte vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=86n_vXzzBks que explica que fai unha produtora ou un produtor. Dura aproximadamente 7 minutos.

Unha vez están claras as funcións desta figura no cinema, pasamos a pescudar sobre as mulleres que aparecen neste mes de agosto do noso calendario: **Amanda Castro García**, **Ateyyat El Abnoudy**, **Jessica Chastain** e **Juliette Binoche**(estas dúas últimas pola súa participación na produtora *Do it together*). Dividimos á clase en 3 grupos, cada grupo dedicarase a investigar sobre o traballo na produción destas mulleres. Cada grupo elaborará unha infografía ou unha presentación sobre o que descubriron e presentarallo ao resto da clase.

### De 15 a 18 anos

**Coñecendo CIMA**

Explorar a páxina web da Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais: https://cimamujerescineastas.es

Representar graficamente, por medio dunha infografía, os perfís profesionais que se poden desenvolver no mundo audiovisual, engadindo mulleres que sexan relevantes en cada perfil. Para iso traballaremos en grupos pequenos, a cada un dos cales se lles asignará unha tarefa:

<u>Grupo 1</u>: encargado de definir os perfís profesionais do mundo audiovisual que se van incluír.
<u>Grupo 2</u>: encargado da busca de mulleres que sexan referentes en cada perfil.
<u>Grupo 3</u>: encargado de ordenar a información de xeito que clarifique o que queremos expor.
<u>Grupo 4</u>: encargado do deseño e da parte técnica da elaboración.

Unha vez rematada a infografía compartirase na páxina web do centro e exporase en formato cartel na biblioteca do centro para visibilizar o papel da muller nos medios audiovisuais.

### Persoas adultas

**Produción**

Para saber que é o que fai unha produtora ou un produtor veremos o seguinte vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=9DkbT9IxpTk, , reportaxe de aproximadamente 40 minutos sobre o oficio de produción.

Unha vez visto o vídeo, o alumnado terá que facer un diagrama visual organizando a información sobre o traballo que teñen que realizar as produtoras ou produtores ao longo dunha película. Para iso empregarán unha ferramenta tecnolóxica que permita crear mapas conceptuais que poidan compartir, como por exemplo Mindomo. Para usar esta ferramenta poderán consultar algún dos seguintes tutoriais:

Titorial básico: https://www.youtube.com/watch?v=NWwcmcqgY_o
| Titorial extenso: https://www.youtube.com/watch?v=eWNblUnn4UI
| Manual de Mindomo: https://es.calameo.com/read/0036431603886c3b4c762.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
STEG
Asemblea de Mulleres

# Actividades propostas

**Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciondemujeres.org**

## setembro DIRECTORAS DE FOTOGRAFÍA E DIRECTORAS DE ARTE

### De 0 a 3 anos

**Luces y sombras**

Materiais: foco ou feixe de luz, rolo de papel branco, obxectos de uso cotiá, formas básicas (bloques lóxicos), miniaturas de animais ou cartolinas das siluetas recortadas.

Desenvolvemento da Actividade: coa aula ás escuras ou con luz ambiente moi tenue, proxectar sobre unha parede, ou taboleiro cuberto de papel branco, diferentes obxectos. O alumnado terá que adiviñar que é pola súa silueta e ver se coincide cos e cas compañeiras.

### De 3 a 6 anos

**A lupa máxica**

Materiais: **Para cada alumno e alumna**. Dúas lupas impresas en cartolina e un punzón ou tesoira e unha ficha para anotar as súas respostas. **Para cada grupo de 4**. un círculo de 8 cm de diámetro, o un cadrado de 8 cm de lado, de papel celofán transparente, amarelo, maxenta e azul ciano. Catro láminas: cada unha delas terá o debuxo dun obxecto, cada obxecto será dunha cor diferente (branco, maxenta, amarelo e ciano); unha barra de pegamento.

Desenvolvemento da Actividade: cada nena e neno recibe dúas lupas de cartolina, que deberán recortar o punzar polo seu borde exterior, e pola liña interna para deixar oco o espazo da lente. Cada cal colle un anaco de papel celofán, o que lle toque, e pégao entre as dúas lupas para que cada grupo teña 4 lentes con diferentes filtros de luz. Deberán indicar de que cor ven cada obxecto segundo o filtro de luz aplicado, anotando os resultados na ficha correspondente (poden escribir o nome da cor, ou ben pintar a cor que perciben usando ceras de cores).

### De 6 a 9 anos

**Decorar a escena**



Materiais: unha lámina de *O dormitorio en Arlés* de Vincent Van Gogh, impresa en blanco e negro (para colorear).

Desenvolvemento da Actividade: cada lámina terá un número pola parte traseira para poder identificala. A mestra establecerá unha relación entre cada número e cada nome do seu alumnado. Ao finalizar a tarefa, todas as láminas se exporán na aula e, por equipos, deberán decidir que habitacións foron decoradas por nenas e cales por nenos. Deben observar se hai diferenzas ou patróns distintos entre a decoración de nenos e nenas. Se as houbera deben explicar a que cren que se deben. Así ata chegar á conclusión de que o gusto estético está condicionado, é aprendido, non innato.

### De 9 a 12 anos

**Quen é Ana Serna?**

Desenvolvemento da Actividade: en equipos base, cada membro debe buscar información sobre que é, ou en que consiste a dirección artística no cine, que outros nomes ten e que tipo de traballos inclúe, outra persoa debe buscar información sobre **Ana Serna** (datos biográficos e películas nas que teña participado como directora de arte/deseñadora de produción/deseñadora artística/escenógrafa/atrezzista).

Buscar outros exemplos de mulleres que traballen como deseñadoras de arte no cine. Cada grupo, a través do seu portavoz, deberá facer unha reflexión sobre as dificultades que tiveron para atopar información sobre mulleres directoras de arte e aventurar unha posible explicación das causas.

### De 12 a 15 anos

**O director era ela**

Materiais: ordenador, tableta ou outro dispositivo con acceso a internet para buscar información nas seguintes ligazóns (un enlace para cada grupo ou equipo base):Máster en Diseño y Dirección de Arte, La Dirección de Fotografía en el Cine, La Dirección de Arte en el cine, ¿Qué es la dirección de arte en el cine?, El director de fotografía: el elemento clave de un rodaje. (Códigos QR)

Desenvolvemento da Actividade: o equipo base (4 ou 5) debe dividir o traballo en partes, de tal xeito que dúas das súas, ou dos seus, compoñentes se dediquen a detectar as ausencias de linguaxe inclusiva no texto e corrixilas. Outra persoa debe contabilizar o número de mulleres que se citan como exemplo da profesión, en comparación co número de homes.

O produto final, que será unha exposición oral (poden acompañala de imaxes das películas e/ou profesionais que se mencionen na exposición), debe conter os fragmentos de linguaxe non inclusiva atopados nos textos, así como a súa corrección, fronte ao número de homes e as posibles causas que poidan estar motivando tales diferenzas.

### De 15 a 18 anos




**Fabricando mulleres: o documental**

Visionado: Documentais Proxecto *"Fabricando mulleres"*, Fabricando Mulleres: A PELÍCULA.

En gran grupo procederase ao visionamento das dúas partes que conforman o documental: *Fabricando mulleres* e *Fabricando mulleres 2.0*. A continuación, asignarase a cada equipo base o traballo de análise dunha desas dúas partes e ampliará información buscando novos exemplos. O produto final consistirá nunha presentación audiovisual onde se analizará de forma crítica, dende a perspectiva feminista, a construción do estereotipo feminino sexista, ou ben o consumo de violencia.

### Persoas adultas

**Luces, cámara...**

Desenvolvemento da Actividade: en equipos base, cada membro debe buscar información sobre que é, ou en que consiste, a dirección de fotografía no cine e que tipo de traballos inclúe; outra persoa debe buscar información sobre **Daniela Cajías** (datos biográficos e películas nas que teña participado como directora de fotografía). Buscar outros exemplos de mulleres que traballen como deseñadoras de fotografía no cine. Elaborar unha infografía que conteña: unha definición ou descrición do que implica a Dirección de fotografía no cine, incluír exemplos de mulleres que traballen na profesión, englobando a Daniela Cajías, e os diferentes traballos destas mulleres.

Na exposición do produto final ante o resto da clase, cada grupo, a través do seu portavoz, deberá facer unha reflexión sobre as dificultades que tiveron para atopar información sobre mulleres directoras de fotografía no cine e aventurar unha posíbel explicación das causas.

## outubro COMPOSITORAS E SONIDISTAS

### De 0 a 3 anos

En asemblea falamos da música que escoitamos cando vemos unha película e animamos a que nos conten se lembran algunha canción das pelis que viron. Despois presentamos ás nenas e nenos a **Maite Arroitajauregi** e **Aranzazu Calleja**, e contámoslles que son dúas rapazas que fan música para as películas. Escoitamos a música que despois imos empregar para unha sesión de psicomotricidade e animamos a que conten o que lles parece.
https://www.youtube.com/watch?v=LZmrxDLrVTI

### De 3 a 6 anos

Materiais: teas, follas, papel de seda, cordas, material de reciclaxe, instrumentos de percusión (variedade).

Grupos: dividir o grupo-aula en 4 subgrupos. Cada un representará cadansúa estación do ano.

Actividade: cada grupo elixirá unha canción e un pequeno texto relacionado todo coa estación do ano que traballaran.

### De 6 a 9 anos


Maite Arroitajauregi e Aránzazu Calleja

Empezamos a sesión falando dos distintos oficios que se precisan para facer un filme.

Primeiro preguntamos ao alumnado e imos apuntando no taboleiro o que van dicindo. Ímoslles axudando para que vaian nomeando cada unha das persoas especialistas que se precisan para realizar e producir unha película.

Centrámonos na música. Presentamos a **Maite Arroitajauregi** e **Aranzazu Calleja** músicas e compositoras gañadoras do Goya á mellor banda sonora orixinal por *Akelarre*.

Definimos esta palabra centrándonos no significado de forma xenérica de denominar á agrupación ou reunión de bruxas e bruxos para a realización de rituais.

Representamos unha danza de bruxas e bruxos, cunha das cancións da banda sonora de *Akelarre*: https://www.youtube.com/watch?v=vZ3XUmCEgR0

### De 9 a 12 anos

Actividade interdisciplinar do centro: posta en escena dunha ópera musical (fragmentos). "O principiño", da compositora británica Rachel Portman **Rachel Portman**.

1. Dende a área de lingua coñeceremos á autora, a súa bibliografía, a súa extensa produción e os premios recibidos, especialmente o premio Óscar á mellor banda sonora orixinal pola película *Emma* (1996).
2. Dende a área de música prepararemos a composición musical dalgúns fragmentos da ópera e aprenderemos a valorar a importancia da música e o son nas películas e o cine.

Para a posta en escena planificaranse os decorados e un grupo heteroxéneo de 4 nenas e nenos encargaranse do son xunto á mestra de música.

3. Tras a súa representación, o alumnado destas idades presentará a biografía da autora e fará un recoñecemento público da súa importancia no cine dando a coñecer os seus traballos.

### De 12 a 15 anos

**Rachel Portman. *Emma***

- Traballo de investigación sobre a sonorizadora. Cada grupo deberá realizar unha exposición ao resto da clase sobre a mesma.
- Visionamento da película *Emma*.

Batería de preguntas e debate: Que é unha sonorizadora? Cres que a sonorizadora utilizou os distintos temas feministas tratados na película como inspiración para a composición musical? Que parte da música da película é: diexética, de ambiente, música ou son necesario, ou non diexética? Ver diferenza da música diexética e non diexética e falar sobre o papel da sonorizadora.

### De 15 a 18 anos

**Atrapar a música**

(Referente: Rachel Portman. Obra: Emma)

Esta actividade ten como obxectivo estimular a sensibilidade artística e a libre expresión.

A clase dividirase en grupos de 4 persoas, e a profesora escollerá 1 canción da banda sonora de *Emma*, realizada por **Rachel Portman**.

A cada estudante facilitaráselle unha folla de gran formato, e formarase un gran mural unindo esa folla á dos seus outros tres compañeiros ou compañeiras. A continuación, porase a primeira canción elixida, e terán que debuxar liñas libres sobre o mural cos ollos pechados, tratando de non sairse do papel, en función do que lles faga sentir a música.

Cando remate a canción, abrirán os ollos, observando o resultado abstracto e farán a súa valoración da actividade.

### Persoas adultas

**Non che dou os meus ollos**

(Referente: Eva Valiño, obra: Douche os meus ollos)

1- Visionamento da película *Douche os meus ollos*, análise, debate e posta en común de sensacións e opinións. O debate comezará coa pregunta: por que cres que a película recibe ese nome? para pouco a pouco ir adentrándonos no tema da violencia de xénero tratado no filme.

2- Lectura da entrevista á sonorizadora da película *Douche os meus ollos*, **Eva Valiño**:
https://www.bcncatfilmcommission.com/es/noticias/eva-vali%C3%B1o-%E2%80%9Cel-sonido-directo-es-el-resultado-de-un-trabajo-creativo-colectivo%E2%80%9D

Analizamos a linguaxe inclusiva: emprégase na entrevista? Se non se emprega indica que modificacións realizarías para arranxalo.

## novembro MONTADORAS E XEFAS DE EFECTOS ESPECIAIS

### De 0 a 3 anos



**O ciclo da auga**

Obxectivos:

• Presentar ao noso alumnado o ciclo da auga, adaptado á súa idade.

• Familiarizar aos nenos e nenas co teatro.

En asemblea contaremos a biografía dunha das nosas técnicas en Educación Infantil : Loli Velasco Berenguer.

Metodoloxía: Obra: *Dona Gotiña*.

Preparamos unha pequena obra de teatro, onde as nenas e os nenos mediante acenos, e explicacións sinxelas empezan a entender o ciclo da auga.

O decorado terá moito visual. Móbiles de gotiñas, nubes con choiva, etc.

Actividade 1. Dentro do teatro tamén faremos algúns experimentos e sobre todo xogaremos moito coa cor.

Actividade 2. Faremos cubiños de xeo de cores (estado sólido), unha botella de "caseira" branca (gaseoso) y auga para botar derriba (líquido). As educadoras vístense de científicas e de pingas de auga.

Actividade 3. Faremos ao final da obra, con cartolinas, gotiñas de auga, porémoslles a data e o título da obra, plastificámolas e o alumnado lévaas para casa.

### De 3 a 6 anos

**Imos ao cinema**

Actividade: Saída ao cinema (Filme de **Pepa Flores** *A vida é unha tómbola*)

En asemblea: falamos sobre a biografía de Pepa Flores e facemos un pouco de historia describindo a sociedade do momento e algún acontecemento importante da época que coincidira coa estrea da película como foi a primeira folga mineira en España en 1962 e o papel tan importante que desenvolveron as mulleres na folga. Tamén explicamos ao seu nivel que son os efectos especiais nunha película.

### De 6 a 9 anos

Vemos https://www.youtube.com/watch?v=XjEtxAvyQVI (desde 30").

Pódese facer unha chuvia de ideas, unha vez visto o vídeo, para ver quen pensan que pode ter dirixido os efectos especiais do mesmo. Comentamos que estes efectos especiais realizounos a española **Laura Pedro**, de feito, é a responsábel de efectos dunha das estreas máis importantes do cine español; con tan só 28 anos liderou o equipo de efectos especiais de *Superlópez*.

A continuación suxerimos ás nenas e nenos que intenten averiguar como se fixeron os efectos especiais de chuvia do seguinte vídeo (quitando a imaxe para que non a vexan). Cando todas digan as súas ideas pasamos a comprobalo vendo o vídeo:
https://www.youtube.com/watch?v=06VwXI8IHHU

Propoñemos converter á clase nun obradoiro de efectos de son. Eliximos unha destas dúas curtas para dobrar a chuvia:
https://www.youtube.com/watch?v=zdw6T3dpqgg
https://www.youtube.com/watch?v=ihuWdA645LQ

### De 9 a 12 anos

**Unha muller nun mundo de heroes**

1. O alumnado visionará tráilers das siguientes películas:
   *El Hobbit*: https://www.youtube.com/watch?v=sI8OQRXhcZE
   *Aquaman*: https://www.youtube.com/watch?v=OHJShE-31wQ
   *La Liga de la Justicia*: https://www.youtube.com/watch?v=WYPw5oQqaOM
   *Guerra Mundial Z*: https://www.youtube.com/watch?v=SVr1mElVhTU
   *Juego de Tronos*: https://www.youtube.com/watch?v=eUmV9WXqhTk
2. A continuación, daráselles unha batería de nomes: **Dede Allen**, **Laura Pedro**, **Thelma Schoonmaker**, **Carolina Jiménez**, **Ana Álvarez Ossorio** y **Sara Gallardo**. Todas elas profesionais relacionadas co mundo do cinema.
3. Terán que atopar a conexión entre todas as películas vistas nos tráilers e os nomes das cineastas citadas. Este punto de conexión é a produtora de efectos especiais, **Carolina Jiménez**.
4. Esta actividade, así como a anterior, serviranos para visualizar unha vez máis a voz da muller no cine.

### De 12 a 15 anos

**Sobre Niké Alonso. Detectives na procura dunha produtora de efectos visuais.**

Vexamos se somos capaces de atopar este personaxe oculto. O primeiro que debemos saber é: que é ser produtora de efectos visuais?

Busca información e escribe a continuación unha descrición de dita profesión.

En segundo lugar, imos na busca do nome desta persoa da que sabemos ben pouco. Imos polo seu apelido. Dixemos que foi inspiradora dunha coñecida marca deportiva e dado que de deportes estamos falando, engadir que non é familia do campión do mundo de Fórmula 1 de 2005 e 2006.

Como imos? Xa a temos?

Unha pista máis. Por un tempo fíxose "fráxil" xunto a unha coñecida avogada na ficción, Ally MacBeal, aínda que iso só é unha pequena parte da súa vida.

Estache custando atopala? Pois imaxina o traballo que lle custou a ela chegar onde está! En canto a teñas, faille saber ao grupo que es: the winner!

Ben, como creo que xa descubriches quen é e tés o seu nome e apelido, contesta ás seguintes preguntas:

1. Escoitaches falar dela antes?
2. En cantas películas traballou ata o de agora?
3. Cal é a súa primeira película?

### De 15 a 18 anos

**Montaxe**

Familiarizámonos co concepto de montaxe: U.D. *Da filmación á produción*: Visita o enlace, e selecciona os contidos que interesen: https://www.uhu.es/cine.educacion/guiascine/guiacine2_3.htm

Que sabemos?

• Define que é a montaxe.
• Como podes realizar unha montaxe correcta cos medios ao teu alcance?
• Que é unha mesa de edición?
• Por que é importante elixir a cinta de vídeo na que vas realizar unha película?
• Que cintas utilizas normalmente?
• Se utilizaches algunha vez filtros para filmar en vídeo, explica en que consisten.


Niké Alonso

### Persoas adultas

**Efectos especiais**

Pescuda sobre mulleres creadoras de efectos especiais. Propoñémonos visibilizar a unha serie de mulleres que levaron a cabo labores na montaxe, edición ou efectos especiais nunha serie de películas. Algunhas son clásicos da cinematografía e outras posúen contidos especialmente interesantes para a educación en igualdade, educación en valores e nos dereitos humanos.

## decembro DIRECTORAS E PROGRAMADORAS DE FESTIVAIS, CRÍTICAS DE CINE E DISTRIBUIDORAS

### De 0 a 3 anos

As nenas e os nenos farán de protagonistas da súa película. *"Eu podo facer..."*

Gravaráselles facendo distintas accións (chorar, rir, cantar, bailar, andar, saltar, gatear, rubir,...) despois editarase o vídeo e publicarase na web do centro para que o vexan as familias.

### De 3 a 6 anos

Fotografaremos ás nenas e aos nenos expresando distintas emocións. Con estas fotos elaboraremos un vídeo que axude a explicar as emocións e a identificalas. Cada nena ou neno, debe imitar os xestos que ven na foto e tentar recoñecer que emoción representan.


Mª José Cárceles
Pilar Aguilar Carrasco
Dedra Zimmerman

### De 6 a 9 anos

**Xogo de "quen é quen" mulleres no cinema**

A partir das mulleres destacadas en cada mes do calendario e das efemérides, elaboraremos unhas cartas con información de cada unha de elas. Polo reverso irá a información e unha foto de cada unha: data e lugar de nacemento, premios obtidos, evento máis importante da súa carreira, proxectos realizados.

O xogo consiste en repartir as cartas. A través de preguntas ás que só se pode contestar SI ou NON, deberán identificar á muller elixida no calendario. Pódense axudar do dossier elaborado, de internet...pero todo isto nun tempo determinado (a elección, en función da idade do alumnado).

### De 9 a 12 anos

Cada nena e neno, elixirá 3 películas que sexan as que máis lles gustaron. Unha vez elixidas, entregaráselles o test de Bechdel para que comproben se esas películas teñen perspectiva feminista e como se trata ás mulleres:

1. Aparecen alomenos dous personaxes femininos...
2. ...as cales fálanse entre elas...
3. ...sobre algo distinto a un home.
4. As dúas mulleres teñen nome.
5. A conversa entre as mulleres non está limitada a relacións románticas.

Unha vez analizadas as películas en asemblea debaterase sobre o tema e se ocorre o mesmo cos homes que aparecen nas películas.

### De 12 a 15 anos

O *Festival de Cine Zinemakumeak* é un dos máis antigos en España. Pescuda sobre el: onde xorde, cando, en que consiste, quen o dirixe, que enfoque relacionado co cinema de mulleres segue... calquera información completa sobre este Festival.
https://zinemakumeak.com

### De 15 a 18 anos

Unha vez pescudamos o que é un Festival de cine e a súa programación, creamos o noso propio Festival de cine feminista, en grupos de tres persoas. Deberá aparecer: programación, persoas convidadas, actividades complementarias, nome do mesmo festival... todo aquelo que simule unha organización deste tipo de eventos. Darase un prazo dunha semana para poder realizar un bo traballo de investigación.

### Persoas adultas

Proxéctanse na clase dúas curtametraxes: *A orde das cousas* e *Cousas de rapaces*. As dúas curtas participaron no mesmo Festival: laprimerapiedra.com.ar/2020/07/cortos-feministas.

Unha vez vistas, facemos as seguintes cuestións para analizalas:

- A primeira é unha curta contra a violencia de xénero. Nela atopamos unha historia común a miles de mulleres, cun simbolismo marcado por obxectos. Expoñemos que simbolismo teñen: o cinto, a bañeira, a auga e a fin da curta. Apuntamos as diferentes ideas de cada un dos e das alumnas para chegar ao verdadeiro ou máis achegado significado deste simbolismo.

- O segundo preséntanos a tres rapaces falando dende unha perspectiva feminina, con comentarios e circunstancias que as mulleres viven día a día, pero dende unha visión masculina. É interesante que os alumnos masculinos principalmente vexan o sentido da curtametraxe e empaticen co que viven as súas compañeiras día a día. Establecerase un coloquio para dar solucións a estas situacións machistas do noso día a día.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
STEG
Asemblea de Mulleres